



Xosé Neira Vilas, a gran memoria de Galicia*

José Miguel Alonso-Giráldez
giral@udc.es

Resumo. Xosé Neira Vilas é todo un símbolo da importancia da escrita memoria-lística en Galicia. A súa literatura, vital e prolífica, é un exemplo perfecto dos nosos vencellos coas raíces rurais e coa cultura popular.

Abstract. Xosé Neira Vilas is a real symbol of the importance of memoirs writing in Galicia. His vital and prolific literature is a perfect example of our ties with rural roots and traditional culture.

A Pepe Neira Vilas, en lembranza da súa amizade e da súa paixón pola lingua

Por suposto, coñecín a literatura de Xosé Neira Vilas desde sempre. Non lembro o día en que lin algo escrito por el por primeira vez. El sempre estivo aí, dunha ou doutra maneira, nunha distancia que se facía moi curta a través do teléfono, do correo electrónico, ou do correo ordinario. Neira Vilas era dos que aínda cría na escritura a man, a caligrafía que na páxina en branco se movía como unha sucesión de ondas, como a masa dun océano, posuidora de memorias dispares, próximas e afastadas, pero aínda co arrecendo dos días de infancia. En Neira Vilas cumpríase o dito de que a infancia é a verdadeira patria. Aínda que despois tivo outras patrias de adopción, e en todas elas deixou unha pegada fascinante que perdurará moito tempo. Neira Vilas cría no papel, na letra fermosamente danzarina, coñecía

* Unha versión máis breve deste texto foi publicada en *El Correo Gallego* o 18 de outubro de 2015.

a maxia daquilo que se podía tocar por humilde que fora, porque a literatura estaba nel intimamente unida á experiencia, ao goce de estar vivo, ao pasar dos días, á mansedumbre de quen espera sempre, sen retroceder, sen perder a enerxía. Non lle abandonou o desexo de facer cousas até o instante final. E o fillo de labregos completou o círculo dunha vida que lle levou alén do mundo, e fíxoo no mesmo lugar no que nacera, no útero vexetal de Gres, no lugar da quietude dos primeiros días, tamén da necesidade do tempos difíciles, o lugar dos soños. Véxome agora na tarde do seu enterro: a igrexa abaixo, a casa preto, contemplando o adeus. E un silencio amable, e un aplauso. Tivera unha desas longas conversas de teléfono con el (unhas cousas levábanlle a outras, a súa paixón pola lingua, pola comunicación, polo coñecemento, era inquebrantábel), apenas uns días antes. Algún dos seus entusiastas correos electrónicos mesmo quedou sen contestar, e quizais a miña resposta serodía voará co vento cara ao infinito. O día despois da súa morte (que sucedeu un 27 de novembro), escribín nos xornais algo semellante a isto:

Juan Cruz di que só existe o recordo. E se o recordo desaparece, desaparece o mundo. (...) Pensei en todo isto mentres me falaban da morte de Xosé Neira Vilas na súa vila natal de Gres. Sentínme mal, porque nas últimas semanas mantivera moitos contactos con el sobre os seus libros recentes: a súa voz alegre, a súa risa, aínda soa nos meus oídos a través da liña telefónica. (...) Neira Vilas foi o señor dos recordos deste país. Foi quen de restituír o espírito da terra desde a gran memoria, sen solemnidades. Erguéndose desde a terra traballada coas mans. Non hai traballo máis digno que o dun labrego. Tampouco máis que o dun campesiño das palabras. E el érao. Nunca deixou de selo. El limpou os edificios da vella memoria, como André Malraux os edificios nobres de París, fixo presente a voz tantas veces perdida da emigración, trouxo as palabras puras, arrincadas a golpe de aixada da terra. E todo para construír o futuro, porque a lingua é memoria. “Por que toda esa obra, Pepe?”, dicíalle. “Para lembrar”, respostaba. Porque se desaparecen os recordos, desaparece o mundo.

Case un ano despois do pasamento de Xosé Neira Vilas, cando isto escribo, leo con avidez algúns dos libros fundamentais da súa obra monumental. A escrita de Neira Vilas, é, sen dúbida, un monumento memorialístico e literario incomparable, que nos constrúe como país. É tamén un excelente material didáctico, algo que lle preocupaba sempre. El, que aprendeu a profesión de *escribidor* en Buenos Aires, aínda que escribise desde neno, el que tentaba coñe-

celo todo, abarcar todo o coñecemento posible, transplantado como quen di, dun só golpe, da aldea e a lama a unha cidade inmensa de ultramar, sabía moi ben a importancia de aprender e explicar todas as cousas do mundo, desde as ferramentas da labranza ás técnicas para escribir un conto. Neira Vilas é un gran transmisor de coñecemento e de emocións. Na súa literatura cabe todo o país, cabe todo un século, cabe todo un planeta. É local e global, aldeán e universal, como aquel Patrick Kavanagh. Volver sobre *Aqueles días de Moncho* supón, está claro, volver tamén a Balbino, e á historia primixenia que lle colocou no mundo literario, xa en Buenos Aires. Pero Neira Vilas é moito máis que iso. Os recordos de *Días de Cuba*, ou os dese libro magnífico que tanto lle gustaba a Neira Vilas, *Os anos da Arxentina (1949-1961)*, cos textos recuperados por Nora Longhini, o libro que agora teño nas miñas mans, reflicten unha extraordinaria peculiaridade da escrita do autor de Gres, algo que el acadara cunha mestría admirable: falar do máis pequeno, do máis íntimo, do máis doméstico, coa mesma facilidade e a mesma relevancia que o fai de todos os intelectuais, artistas e escritores, cos que construíu a súa vida, e a de Anisia, en Arxentina, ou en Cuba. Todo atopa o seu aco modo, todo encaixa sen artificios, quizais porque Neira Vilas escribe coa sinxeleza do mestre, coa verdade de quen conta e reconta o vivido, coa verdade de quen deixa falar á memoria. O seu gran labor cultural e literario é indivisible, a pesar de pertencer a varios escenarios, paisaxes e épocas. Todo é un longo río, un continuum perfecto, trazado cunha paixón que non cedeu un chisco até o último día.

De toda esa obra monumental que explica a Galicia toda de máis de cen anos, que reconstrúe o seu tecido cultural e sentimental, aquí e en América, estou orgulloso da miña tradución ao inglés, xunto ao profesor australiano Roy Boland, dun dos seus contos: *Entroido*, para a *Anthology of Galician Literature*, editada por Jonathan Dunne (Galaxia, Xerais, Xunta de Galicia). Xa saben: “Era domingo de entroido. Pola noite, vestínme coa roupa de garda e baixei. Andiven por Talcahuano até chegar a Corrientes...”. É unha pequena e modestísima achega, pero grazas a ela sinto que algo puideron contribuír a espallar o seu maxisterio literario no mundo, como outros moitos

fixeron, el, que soubo combinar como ninguén o local e o universal, porque sabía moi ben que ambas as dúas cousas eran o mesmo.

NOTA BENE

Co motivo da reedición de *Aqueles anos do Moncho*, escribín un texto que, con lixeiras variantes, reproduce agora. Un texto no que se analiza a importancia de Neira Vilas como gran construtor da memoria de Galicia e no que se recollen tamén frases dalgunhas conversacións que mantiven con el, particularmente unha conversa telefónica que ben puido ser a súa última entrevista. O texto está escrito en presente, antes da morte do escritor, e por mor de manter viva a súa presenza entre nós, preferín non reescribilo agora como se fose unha cousa do pasado.



É difícil, por non dicir imposible, atopar un símbolo vivo da memoria de Galicia comparable á figura do escritor Xosé Neira Vilas. A súa asombrosa produción literaria recolle todo tipo de experiencias de Galicia e de América, da súa infancia e dos seus anos maduros, da ficción e da realidade máis estrita e insobornable. Neira Vilas escribiu practicamente sobre todo o que se pode escribir. Sobre asuntos moi unidos á súa propia e apaixonante biografía, e, como recalca unha e outra vez, mentres falo con el, “sempre en lingua galega: non quixen escribir nunca noutra lingua”. É un dos seus grandes orgullos como escritor.

A memoria é un asunto principal en Galicia. É a memoria a que nos constrúe inexorablemente, porque somos un país que non se desprende de recordos e vivencias, aínda que sexan traumáticos, como lle ocorre, por exemplo a Irlanda. Hai un profundo vencello con ese mapa e con esa paisaxe que habemos de ler, como dicía o poeta John Montague en Irlanda (*The Rough Field*) “coma se fose un manuscrito”. A memoria é quizais parte da saudade, da morriña, da nostalgia, que tanto nos caracteriza. A necesidade de ter presente a paisaxe da infancia, a vida doméstica, a natureza en estado puro das aldeas de entón, é unha constante. E a fermosa sensación de que

todo era auténtico. Esa necesidade disparouse coa a emigración: na diáspora, Galicia fabula sobre a súa condición de país, a súa identidade inviolable, a súa construción nacional. Tivo que reconstruír o edificio da memoria desde o exterior, en gran medida, xa fose polo exilio político ou pola emigración provocada polas necesidades económicas. De novo, o reflexo de Irlanda, tan querida polos membros da Xeración Nós, que lle dedicaron tantas páxinas emocionadas, parece inevitable.

No faltan en Galicia polígrafos que escribiron abundantemente sobre a súa experiencia vital, que nos fixeron viaxar a través da súa propia memoria a momentos diferentes da historia. Como sucede con John McGahern en Irlanda, a vida de moitos escritores serviu para elaborar unha completa narrativa como país. A verdade é que somos profundamente autobiográficos. Temos grandes contadores de episodios do noso pasado, construtores da árbore da memoria desde unha mirada doméstica e persoal. E aínda hoxe moitas editoriais publican libros memoriosos, libros que nos devolven, a través do texto e das imaxes, todo o que un día fomos, todo o que nos fixo dano e todo o que alentou os nosos soños.

Xosé Neira Vilas segue moi activo na súa asombrosa tarefa memorialística. A biblioteca que leva o seu nome, en Editorial Galaxia, é unha viaxe á nosa propia historia, ao corazón do século XX rural, onde están as súas raíces, e, por suposto, á experiencia dunha emigración en Arxentina e Cuba na que se reconstrúen episodios fundamentais da evolución da nosa cultura no exterior. E da propia vida cotiá da emigración en dous países emblemáticos. *Días de Cuba*, ou *Os anos da Arxentina (Textos recuperados por Nora Longhini)*, ambos tamén en Galaxia, son dous exemplos magníficos desa recuperación da memoria deste país en América, unha narrativa da que non podemos prescindir para construír a nosa identidade, pois, que dúbida cabe, somos en gran medida o que fomos máis aló das nosas fronteiras, alén mar.

Neira Vilas non só reivindica a lingua galega como un elemento imprescindible para a construción cultural, senón que reivindica cada un dos pasos que os nosos intelectuais deron, alá onde se atopaban, as súas emocionantes contribucións ás veces en circunstan-

cias difíciles: e por iso narrou a súa peripecia en libros incontables, o gran gozo de facer cultura no grande e no pequeno, ou o gran gozo de lembrar o que outros fixeron. Hoxe, nas ribeiras feraces e sacras do río Ulla, no seu Gres natal, ao que regresou, Neira Vilas non parece un home canso, e moito menos, afastado da realidade. Ao contrario, a súa produción literaria e cultural continúa a ser tan dinámica como o foi nos últimos anos. En poucas datas, un libro de corte experimental aparecerá en Galaxia (*Romaría de Historias*, 2015). E algunhas das súas obras, que viron a luz hai décadas, están a ser recuperadas, como sucedeu con esta visión da guerra civil nunha aldea de Galicia, *Aqueles anos do Moncho*, que acaba de aparecer hai apenas unhas semanas. “É un libro que cumpre agora corenta anos porque foi escrito en A Habana en 1975. Publicouse primeiro en Akal, na colección Arealonga. Trouxen o manuscrito e entregueillo en Gres a Xesús Alonso Montero. Despois tivo moito éxito en Cuba, cunha edición en castelán, naturalmente, de 60.000 exemplares no ano 1982”, explica Neira Vilas (como di, tamén, no limiar). *Aqueles anos do Moncho*, que foi Premio da Crítica española en 1978, recolle unha mirada doméstica sobre a terrible pegada da guerra civil. “É unha mirada indirecta, está claro”, di Neira Vilas, “porque como é coñecido en Galicia non houbo combates. Pero aínda así houbo moitas cousas, demasiadas, que lembraban a guerra”. Para o escritor de Gres, a autenticidade da narración memorialística está sobre todo na recuperación da vida rural e a cultura popular. “Eu volvíñ á vida rural e á cultura popular. É o que quixen facer. A memoria está moi unida ao recordo da linguaxe, ao que aprendiches nos primeiros anos. Eu son un falante natural en galego, mamei o galego desde o berce... E tardei moito en aprender castelán, diría que tiven contacto co castelán a partir dos sete anos, xa na escola ”, explica Neira Vilas. E sen dúbida, nótase. A calidade lingüística agroma das mesmas raíces, nunha zona, como el di, especialmente rica desde o punto de vista léxico e sintáctico.

Seguramente, a reconstrución do noso relato identitario, a través dos tecidos da memoria, non pode facerse se non se respecta a autenticidade da linguaxe que, para o autor, agroma absolutamente do pobo. *Aqueles anos do Moncho* é un exemplo magnífico desta lin-

guaxe, moi rica, pero tamén moi característica dos personaxes que habitan a novela. O labor de recuperación memorialística alcanza así o valor da autenticidade. Neira Vilas cre que só pode facerse desde a experiencia vital, aínda que reconece que autores moito máis novos que el tamén lograron reconstrucións literarias da Guerra civil en Galicia, por exemplo, de gran valor. El reivindica a experiencia, a naturalidade da linguaxe, a vivencia directa que o seu ano de nacemento, 1928, lle permite. A comunión da linguaxe e a memoria, pois a memoria se constrúe con palabras (ou con imaxes que se narran con palabras) alcanza aquí unha importancia decisiva. “Moncho non é Balbino, porque vai máis atrás. Balbino é un personaxe da posguerra que, eu creo, representa moi ben o seu tempo. Ademais Moncho non fala en primeira persoa. Tratábase de reflectir os ecos da Guerra civil, porque son os ecos o que nós tivemos alí. Hai moitos elementos autobiográficos, como os hai en *Cartas a Lello*. A sustancia desta novela é xustamente o pequeno. As pequenas cousas son as que nos constrúen, é o que me gusta contar. É a nosa vida cotiá. Eu son de aldea. Para min, era necesario describir como era a xente de aldea, como era naquel momento. E iso é a memoria, finalmente. Creo que non hai unha novelística rural galega propiamente dita que o conte”, sinala Neira Vilas.

O que percibimos en *Aqueles anos do Moncho* é, efectivamente, o eco da guerra: as noticias dos que morren no fronte, algún do propio lugar, o medo ás delacións, ás extorsións e ás vinganzas. A desconfianza, o terror veciñal. Pero todo iso está envolvido na sinxeleza e naturalidade dunha vida rural edificada sobre a familiaridade, sobre a paisaxe, sobre a terra. A política non se impuña do todo sobre a vida. Os veciños tentan continuar coas celebracións, defenden o galego por encima de todo, aínda que hai un instante no que a mestra anuncia que xa non se poderá seguir utilizando na escola. A morte ábrese paso nalgúns lugares, a pobreza non agosta de todo a alegría natural de estar vivos. E mesmo percibimos aquí a chegada dos guerrilleiros, escondidos no monte, un dos relatos rurais da Guerra civil máis coñecidos, o relato do *maquis*. Todo pasa polo texto de Xosé Neira Vilas, pero, finalmente, é a mirada dun neno de nove anos, que non pode entendelo todo, o que conta.

Todo pretende reflectir a realidade de entón, é unha recuperación daqueles días. Pero algún personaxe, como Pilara, está rodeado dun certo halo de realismo máxico. “Indiscutiblemente”, admite Neira Vilas. Poderíamos dicir que Galicia é un lugar perfecto para pór en marcha os mecanismos do realismo máxico, mesmo en reconstrucións memorialísticas, xa que todo o que lembramos non é exactamente como foi, senón que o tempo, e a nosa propia mente, vaino modelando. “Creo que me influíu moito a literatura latinoamericana”, admite Neira Vilas. “Estiven moi preto deles. Coñecía a algúns moi ben. Fun amigo persoal de Carpentier, tratei algo a García Márquez... Así que algo de impregnación daquel barroquismo lingüístico e literario sempre queda. Carpentier adoitaba dicir que en en Latinoamérica había que ser algo barroco. En Europa unha árbore é unha árbore. Pero en América é algo máis”, explica. A pesar da fidelidade dos recordos, como dicimos, a reconstrución das memorias, ou das autobiografías, non se axusta sempre enteiramente á realidade, non só porque hai elementos de ficción, senón porque a nosa percepción non sempre é exacta. “Bueno, é unha novela. Claro que hai ficción. Pero o de atopar unha arma escondida entre o millo, como aquí ocorre, ou descubrir unha escopeta agochada, non é nada da ficción. É absolutamente real, claro está”, subliña.

No seu extraordinario traballo como memorialista, Neira Vilas admite que as lembranzas da emigración alcanzan un grao de importancia semellante aos seus recordos de infancia. “Fixen moitos traballos que non tiñan que ver coa ficción. Estiven, como sabes, 43 anos en América. Nese tempo escribín uns dezoito libros sobre o papel dos galegos na emigración, como *Castelao en Cuba*, por pór un exemplo. Logo está toda a ficción, evidentemente. Todo en galego. Creo que tiña un galego máis rico cando volvíu que cando marchei”, engade cun sorriso. Así que hai unha parte de memoria de aquí, a que viaxa á infancia, á Guerra civil, á posguerra, á aldea, aos labregos..., e outra parte sobre toda a monumental memoria da emigración, tanto literaria como documental, a través da investigación de personaxes galegos en América. E a través de varios libros autobiográficos, como os que mencionabamos antes ao redor das súas múltiples experiencias e traballos en Arxentina e en Cuba (*Días de*

Cuba, etc). É dicir, un traballo case interminable que resulta fundamental para entender a historia da Galicia dos últimos cen anos.

A reconstrucción da memoria de Galicia conta con numerosas achegas académicas. Desde a Universidade leváronse a cabo traballos etnográficos de gran valía. No entanto, a visión do escritor, a reinterpretación da cultura popular, é un eixo básico á hora de completar a información sobre o noso pasado. “As aldeas, o mundo rural, parécenme moi importantes para entender como somos”, di Neira Vilas. Para el, como demostrou ao longo dunha obra moi prolífica, o rural foi unha fonte extraordinaria de coñecemento, sobre todo pola súa autenticidade. “Lembras, escribes... Pero mira, un sempre volve á raíz... Á orixe. Non hai moitos escritores criados na aldea coma min, non ten mérito especial..., pero é así. Por iso dicía que non hai moita novela realmente rural.... ¿García Barros quizáis? Bueno, pois si, García Barros. Pero a maioría vén de universitarios, xente das cidades, con outra formación. E ás veces cunha sintaxe moi española... Eu crieime en galego, non teño mérito por usar esta linguaxe... É a miña. A cultura popular da aldea é moi forte. Que non se esqueza”, conclúe.